

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE LALÍN
PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA CENTRAL DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA EN
LALÍN**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades asinou co concello de Lalín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 24 de novembro de 2022 ata o remate da colaboración establecida na súa cláusula segunda.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das bases para a colaboración relativa á inclusión dos edificios Auditorio e E.I. Galiña Azul, de titularidade do Concello de Lalín, na rede de distribución de calor que se implantará a través do proxecto de District Heating de Lalín, que ten como fin dotar ao Instituto de Ensino Secundario Ramón María Aller Ulloa dunha sala de caldeiras que alimentará de enerxía térmica ademais de a dito instituto a outros edificios próximos.

A instalación incluírá a acometida soterrada ás respectivas salas de caldeiras mediante dúas tubaxes (unha de ida e outra de retorno), instalación dun intercambiador de placas e o resto de compoñentes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



O 8 de setembro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (actualmente Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) subscribiu un convenio de colaboración coa Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para o desenvolvemento de proxectos de enerxías renovables cofinanciado con Fondos Feder no Marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O obxecto do citado convenio é establecer as bases de colaboración entre o INEGA e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para impulsar o emprego das enerxías renovables nos centros educativos citados no Anexo I situados en Lalín, Santiago de Compostela, Ourense, Vigo e Lugo, entre os que se cita o proxecto de District Heating, na citada poboación de Lalín, que ten como fin dotar ao Instituto de Ensino Secundario Ramón María Aller Ulloa dunha sala de caldeiras, na parcela situada no predio do centro, que alimentará de enerxía térmica aos edificios I.E.S. Ramón María Aller Ulloa, C.E.I.P. Xesús Golmar, Auditorio de Lalín e Escola Infantil Galiña Azul.

O financiamento destes proxectos realizaranse con fondos comunitarios do programa operativo 2014-2020 nun 80%, sendo asumido o restante 20% con fondos propios da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Este proxecto ten como fin a implantación dunha rede de distribución de calor para abastecemento de calefacción e auga quente sanitaria, mediante unha rede de conducións soterradas que abastecen de enerxía térmica a cada un dos edificios, utilizando a biomasa como fonte de enerxía primaria para os edificios citados anteriormente, mellorando a eficiencia enerxética dos mesmos, sendo os obxectivos globais da actuación a redución do consumo de combustibles fósiles (gasóleo, gasnatural, propano...) e as emisións asociadas de gases de efecto invernadoiro.

A inclusión no proxecto dos edificios Auditorio e Galiña Azul, de titularidade do Concello de Lalín, permitiralles dispoñer dunha fonte de enerxía alternativa que utiliza a biomasa como enerxía primaria, cun custe económico por unidade de calor menor que o actual (gasóleo C).

A nova subministración non emite gases de efecto invernadoiro, incrementa a seguridade de abastecemento dos edificios ao ser un sistema redundante e diversifica as fontes de enerxía utilizadas.



O incremento do número de edificios interconectados á rede de calor aumentarán a eficiencia enerxética da instalación, diminuirá os custos de cada unidade de enerxía consumida ao aproveitar as economías de escala e promoverá a concienciación ambiental dos usuarios (alumnos), polo que se propón incluír na rede de calor a todos os edificios docentes da contorna do I.E.S. Ramón María Aller Ulloa, citados anteriormente, que dispoñen de sendas salas de caldeiras para subministro de enerxía térmica a todo o edificio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria dixitalmente

